



RESOLUCIÓN REITORAL SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO XERENTE DA UNIVERSIDADE EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

A Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, modificada pola Lei 54/2003, establece no seu Capítulo III o estatuto de dereitos e obrigas nesta materia; na súa virtude, prescribe o dereito dos traballadores a unha protección eficaz en materia de seguranza e saúde no traballo e a existencia dun correlativo deber do empresario de protección dos traballadores fronte aos riscos laborais.

Ao mesmo tempo establece que para estes efectos, no marco das súas responsabilidades o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa, igualmente establece que o empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puideran evitar e os niveis de protección existentes.

Con efectos organizativos, esta lexislación prescribe que o plan de prevención de riscos laborais incluíra a estrutura organizativa, as responsabilidades, as funcións, as practicas, os procedementos, os procesos e os recursos necesarios para realizar a acción de prevención na empresa, nos termos que regulamentariamente se establezan.

En consecuencia, ESTE REITORADO, en virtude do disposto no art. 13 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, RESOLVE:

Primeiro: Quedan delegadas no xerente as facultades que en materia de prevención de riscos laborais corresponden legalmente ao reitor da Universidade da Coruña.

Segundo: Os actos ditados en virtude da presente delegación de atribucións non poderán exceder dos límites da dita delegación, declarándose en caso contrario nulos de pleno dereito.

Terceiro: Cando se diten actos e resolucións en uso de delegación de atribucións contidas na presente resolución, farase constar así expresamente e consideraranse ditados pola autoridade reitoral.

Cuarto: En ningún caso o órgano delegado poderá delegar as facultades que se lle outorguen.

Quinto: En calquera momento o reitor poderá revogar para si o coñecemento e resolución de cantos asuntos considere oportunos en relación coas atribucións delegadas.

A Coruña, 18 de febreiro de 2012

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito